

RECENSIONES

O Papagaio, o xornal da xente miúda

Por Pilar Sampedro

Consello de Redacción da RGE

pilarsampedro507@gmail.com

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN

ISSN: 1132-8932

Páx. 90-91



Hai uns meses a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil organizou unhas xornadas sobre a situación do libro infantil galego. Tratábase de facer un diagnóstico e visibilizar os puntos fortes e débiles desta produción. Entre as feblezas, que se movían dende escaseza do libro informativo en galego, a banda deseñada infantil, o teatro, e a poesía, destacaban por goleada as revistas destinadas ao lectorado infantil e xuvenil en galego.

Necesitamos xornais dirixidos á rapazada, publicacións periódicas que manteñan o seu interese e a vaian guiando entre o lecer e o saber, eses materiais que a ligan ás historias e lle esperten o gusto pola espera; igual que nos gustan as series nas que os personaxes e as historias teñen continuidade, da mesma maneira defenderemos estas revistas porque atan as crianzas á lectura.

Esta é a razón pola que quero traer aquí a única revista infantil en galego coa que contamos: *O Papagaio*, o xornal da xente miúda, como se denomina. Unha publicación mensual, con dez números ao ano, sen entregas no período de vacacións de verán e podéndose adquirir só por subscripción anual. Manteno en pé Abraham Carreiro, cun grupo de profesionais da ilustración, da banda deseñada e da escrita, dende 2016. Contan tamén co asesoramento de especialistas nos diferentes contidos (ciencia, historia, arte, ecoloxía, natureza, mitoloxía, arquitectura, informática...) que se tratan en cada un dos números.

Unha revista de dezaseis páxinas a todas cor, impresa en papel reciclado. Un valor medioambiental que se observa ao longo da publicación (na esollida da temática e tamén na recomendación "Recorda! Se decides tirarme bótame no caldeiro azul") xunto con outros como o da igualdade, que son tratados con moito coidado, dende a propia linguaxe aos contidos (especialmente na sección de Oficios e profesións). Unha publicación en galego e sen publicidade. Cun tratamento ameno e divertido dos temas, vai

achegando seccións fixas de historietas tanto de páxinas enteiras como de tiras verticais e horizontais; neste sentido destaca a contracuberta coa tira vertical de Abraham Carreiro situada no futuro (da serie *Tecnópolis*), a de Pepe Carreiro no pasado (sobre o personaxe *Urraca*) e a páxina enteira de *Popicci*, unha historieta humorística de Andrés Magán.

Se queremos facer un repaso, atoparemos a cuberta a modo de presentación coas novas destacadas e o seu editorial ("Fala o papagaio"). A folla de actualidade, ou novas do mundo, a través dos seus correspondentes (en África, América, Asia, Pacífico e Oriente medio) con titulares do tipo de "As mulleres sauditas xa poden conducir", "10.000 bombas atómicas nos apuntan", "Un helicóptero sobrevoará Marte", "A dieta australiana ten exceso de azucre"... A páxina coa historieta de *Popicci*. A sección divulgativa "Ecoloxía e natureza" moi ilustrada sempre, e asesorada por algún grupo de especialistas. A sección divulgativa "A toda ciencia con Wifi" conducida por este personaxe, obra de Abraham Carreiro. A entrevista (unha páxina e a marxe esquerda da seguinte) a personaxes como a música Cristina Pato, a modista Elena Rial, o viñetista David Rubín... sendo ocupado o resto da páxina coa sección "Pinta con Pierrrot" (onde se analizan diferentes estilos -impresionismo, cubismo...- pero tamén expresións artísticas (cómic, deseño, esculturas de luz...) que conclúe cunha serie de indicacións para a realización dunha actividade relacionada co tema tratado. A sección didáctica "Historia" na que a partir dunha ilustración de Pepe

Carreiro se lle propón ao lectorado localizar determinados obxectos ou se informa dun momento importante no devir histórico (Os tempos de María Castaña, por exemplo). Seccións variables coma o Laboratorio sonoro (na que falar dun instrumento achegando instrucións para tocalo), Escolandia coa colaboración de alumnado, A caverna de Platón (o mundo do cine con títulos como *Stop motion* ou "Escribe a túa película con super 8"), O test de memoria, Os inventos dos coscobellos (con asuntos como a razón pola que as xirafas teñen o pescozo tan alto ou o número que non existía), Mundo curioso, O Refuxio, Inventos da humanidade... A sección divulgativa "Oficios e profesións" a partir dunha serie de imaxes que ilustran o traballo e o instrumental necesario para o seu desenvolvemento (canteiras/os, operarios/as do servizo de limpeza, bailaríns e bailarinas...) coñecemos estes ámbitos de traballo. A sección "Construíndo con Lupo, arquitectura para a xente miúda" a cargo de Fermín Blanco de *Sistema Lupo* (con entregas do tipo de as medidas, as matemáticas, a xeometría, a linguaxe do plano... e con proposta de prácticas que orientan a construción dun elemento arquitectónico a partir dunha serie de modelos que se poden descargar dende o sitio web da editorial ou xogar coas pezas Lupo en formato dixital). O reto do mes e a solución ao reto anterior. Un relato da man de Suso de Toro, Enma Pedreira, Rivadulla Corcón...

En moitas das seccións búscase a implicación do lectorado, cóntase con el para que busque, realice, resolva, poña en práctica... intervindo para completar o produto.

Dise que *O papagaio* responde á teima de Carreiro de mesturar xornalismo e debuxo presentando un produto que pode ser didáctico, ao tempo que divertido e fantástico ao tempo que histórico. Con el colaboran, entre outros: Andrés Magán, Anémona de Río, Berto Fojo, Cristian Robles, Iago Araújo, María Lema, Martín Romero, Montse Piñeiro, Ro Ledesma, Sistema Lupo, Antonio Hitos, Bea Lema, Darío Vilas, Germán Torres, Pepe Carreiro e moita máis xente que participa de diferentes maneiras ao longo do ano. Está publicado por Edicións Moito conto e distribuído polo Consorcio Editorial Galego.

A verdade é que sentimos fachenda desta publicación que se vai mantendo contra vento e marea. Sempre andamos con medo a este respecto, levamos perdidos xa tantos intentos de comunicarnos regularmente coa rapazada que nos vemos obrigadas a lembrar o *Golfiño* que levaba a Miguel Vázquez Freire ata o Luar para poder falar del e facerlle publicidade. Por iso facemos votos para se manteña e medre *O papagaio*. Agradecemos o esforzo de Abraham Carreiro por dotar as crianzas desta ferramenta, igual que a seu pai a creación d'Os Bolechas. É necesario resistir fronte ás múltiples publicacións que dende o castelán e o inglés enchen quioscos e bibliotecas, moitas destas revistas dun único selo que semella invadirmos ao encher o baleiro que aparece ao non haber nada máis na nosa lingua. Agardamos que dende as escolas e as súas bibliotecas se apoie este produto imprescindible e que poda servir de motivación para entrar nas casas. ■